



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIAS ENCARGADOS/AS DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B) 2023.

Base 1. Obxecto da convocatoria.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba, durante 3 meses sendo o comezo da operatividade dos medios no mes de xullo que determina a entidade local e sen que poda sueprar a data límite de xustificación.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada por circunstancias da producción (atenderase ó Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo).

Base 2. Funcións das prazas e retribucións

- As funcións a realizar serán as seguintes:
 - Labores encamiñadas á prevención, construcción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios. e outras funcións que se indican no Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Boqueixón.
 - Os vehículos motobomba (VMB) e as brigadas integraranse dende o inicio da actividade, e durante todo o período de actuación, no dispositivo de emerxencias do distrito forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación dos VMB na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do distrito forestal, conforme ó provisto no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación neste supostos.
 - Tendo en conta que é compromiso do concello de Boqueixón manter operativo o VMB polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.
 - A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.247,31 euros/mes.

Base 3. Requisitos das persoas aspirantes.

Serán requisitos mínimos das persoas aspirantes ao proceso selectivo en aplicación do artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- **Nacionalidade.** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- **Idade.** Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- **Capacidade funcional.** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do posto ofertado.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.

- **Habilitación.** Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

- **Compatibilidade.** Non estar incuso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- **Titulación.** Estar en posesión de:
 - Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou similar (Acreditar co título orixinal ou fotocopia cotexada do mesmo, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Estar en posesión do nivel de CELGA 2 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nestas bases, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

- Estar en posesión do permiso de conducir C. Acreditar co carné de conducir C (orixinal ou copia cotexada).

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

Base 4. Presentación de solicitudes

- 1 Para tomar parte no proceso selectivo terá que achegarse a documentación que se indica por algúns dos seguintes xeitos:
 - Telematicamente, a través da sede electrónica do concello (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>)
 - Presencialmente, no Rexistro Xeral do concello.
 - Por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 2 O prazo de presentación de instancias será de **DEZ (10) DÍAS NATURAIS** contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria das bases reguladoras no BOP da Coruña. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión dunha copia da instancia xa rexistrada ao correo electrónico empleado@boqueixon.com antes do remate do prazo para presentación de instancias.
- 3 A instancia (ANEXO I) debe ir acompañada dos seguintes documentos:
 - a) Orixinal ou fotocopia cotexada do D.N.I ou documento equivalente.
 - b) Titulación académica requerida ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso. Se estes documentos tivesen sido expedidos con posterioridade á data de finalización do prazo de admisión



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

de solicitudes, deberá xustificarse o momento no que concluíron os estudos. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar en posesión da correspondente validación ou da credencial acreditativa da homologación

- c) Orixinal ou copia cotexada do CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser eximidos da realización da terceira proba da oposición de galego.
- d) Orixinal ou copia cotexada do permiso de conducir C.
- e) Relación dos méritos alegados para ser valorados na fase de concurso conforme ao Anexo II destas bases xunto coa documentación acreditativa daqueles conforme ao previsto na base 8^a. Os méritos admisibles e availables serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

4 A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, se o concello considera que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o contexto das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Base 5 . Publicidade.

A publicidade das bases faranse mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e integralmente no taboleiro de anuncios na sede electrónica e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.gal

Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Base 6. Admisión de aspirantes

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución, contendo:

- 1º A lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas con expresión dos motivos da exclusión.
- 2º A designación do tribunal cualificador.
- 3º Lugar e data da realización da/s proba/s.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>). A resolución procederá a conceder un prazo de 3 días



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

hábeis contados desde o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, para que oas persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacíons que estimen oportunas contra a citada lista provisional de persoas admitidas. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacíons contra a lista provisional, ou non houbera ningunha persoa aspirante excluída, entenderase como definitiva.

As emendas referiranse exclusivamente á documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado na base 4. Non se admitirá a presentación de documentación acreditativa de méritos alegados que non fora aportada no prazo inicial de presentación de instancias ou a emenda ou corrección do Anexo II xa presentado.

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización das probas e a realización das mesmas.

No caso de que se presentasen alegacíons ou emendas contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

Base 7. Tribunal cualificador.

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco integrantes:

Presidente:	Secretario da Corporación ou quien legalmente o substitúa ou funcionario/a en quien delegue
Secretario/a:	Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quien legalmente o substitúa. Actuará con voz pero sen voto
Vocal 1º:	Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quien legalmente o substitúa.
Vocal 2º:	Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quien legalmente o substitúa.
Vocal 3º:	Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quien legalmente o substitúa.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

No momento do seu nomeamento designaranse os suplentes dos seus integrantes.

Os integrantes do tribunal deberán abstenerse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produznan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, esta se poderá realizar en acto público coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obligatoriamente terá que ser o Secretario.

Base 8. Procedemento de selección

As persoas candidatas admitidas participarán nun proceso selectivo con realización de proba/s práctica/s, baremación de méritos e valoración do tempo en desemprego.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos candidatos para cumplir coas funcións propias do corpo e escala de destino en relación coa praza convocada.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O Tribunal valorará exclusivamente os méritos relacionados pola persoa aspirante no Anexo II con independencia da documentación achegada.

O tribunal cualificador realizará unha fase de Oposición que puntuará como máximo 6 puntos (que consistirá en proba/s-práctica/s que puntuará un máximo de 6 puntos e un mínimo de 3 puntos), e unha fase de Concurso que puntuará como máximo 4 puntos (que consistirá na baremación de méritos que puntuá un máximo de 3 puntos, e unha valoración do tempo en desemprego dos/as candidatos/as que puntuá un máximo de 1 punto, proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2) con resultado de apto ou non apto, sumando como máximo 10 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

Proceso selectivo	Máximo a puntuar 10 puntos
1º FASE DE OPOSICIÓN: (proba/s práctica/s)	Mínimo 3 puntos máximo 6 puntos
2º FASE DE CONCURSO: Experiencia laboral (máximo 1 punto) Formación (máximo 1 punto) Cursos galego (máximo 1 punto) Tempo como desempregado (máximo 1 punto)	Máximo 4 puntos
3º Proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2)	Apto/a ou non apto/a

1º.- FASE DE OPOSICIÓN (Máximo a acadar 6 puntos).

Esta fase ten **carácter obligatoria e eliminatoria**, consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas e terá unha puntuación máxima de 6 puntos. Sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico accordada/s pola comisión antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

As probas estarán relacionadas coas labores encamiñadas á prevención, construcción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

Corresponderá á comisión determinar o nivel de coñecementos e habilidades esixidos para acadar a puntuación mínima.

2º.- FASE DE CONCURSO (Máximo a acadar 4 puntos)



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

1 A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

2 Os aspirantes valorárselles só os méritos xustificados documentalmente. O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, durante un prazo de **3 días hábiles para posibilitar** a presentación de alegacións/reclamacións das/os aspirantes. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses das/os aspirantes.

3 Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas, significándose que non se valoraran aqueles méritos que a comisión considere que non estivesen suficientemente acreditados.

4 Os méritos admisibles e availables serán únicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

1) A experiencia laboral (computarase ata un máximo de 1 punto):

-Traballos prestados como peón forestal ou como condutor de vehículo motobomba na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizada (nas datas do período de solicitude de participación no proceso) e mediante informe ou certificación sobre servizos prestados expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo III para que o concello lle expida a correspondente certificación de servizos prestados nesta entidade local.

2) Formación: (Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non podrá superar un (1) punto. NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA E IDIOMAS).

Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto:

Celga 4 ou validación: 1 punto.

Celga 3 ou validación: 0,50 puntos.

4) Valorarase o tempo como desempregado desde o último traballo (segundo informe de vida laboral): máximo a acadar 1 punto.

Menos de 12 meses	0,25 puntos
De 12 meses e un día a 18 meses	0,50 puntos
Máis de 18 meses e un día	1 punto

Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado (nas datas do período de solicitude de participación no proceso) expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.

- As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión de selección, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

- Os méritos que aleguen as persoas interesadas e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

- Os méritos admisibles e valorables serán únicamente os presentados no período establecido. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

3.- PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO: APTO/APTA OU NON APTO/A

Esta proba ten carácter de obligatorio e eliminatorio, polo que cualificarse como APTO/A ou NON APTO/A, quedando eliminados/as as persoas aspirantes que non acadasen a cualificación de apto/a. Estarán exentos/as da realización desta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado de Celga 2 ou documentos equivalentes.

Esta proba consistirá nun exercicio escrito.

BASE 9. Criterios de desempate

No caso de empate a orde do desempate establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- a) Maior puntuación acadada no apartado de experiencia laboral.
- b) Maior puntuación acadada na proba/s práctica/s.
- c) Maior puntuación acadada no apartado de formación.
- d) Maior puntuación acadada no apartado de cursos de galego ou validación.
- e) Maior número de días en desemprego, acreditado mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

f) No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apellido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022 (letra "V", DOG núm. 18 do 26 de xaneiro de 2023). Nos apellidos compostos con preposicións ou conxuncións (de, da, do, de la, d'..., y, a mesma non será tida en conta (por exemplo: Diego de Velázquez. A letra a ter en conta será a "V"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apellido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apellido e finalmente polo nome.

BASE 10. Publicación de puntuacións e proposta de contratación.

Concluídas as probas selectivas o Tribunal fará pública a través do taboleiro de anuncios municipal a puntuación outorgada a cada aspirante e concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido dito prazo o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas, e no caso de non realizarse ningunha se considerarán como definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva farase igualmente pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

Concluídas as probas selectivas e fixadas as puntuacións definitivas o Tribunal realizará proposta de nomeamento da persoa aspirante que reúna maior puntuación na sumas das puntuacións obtidas e que teña no seu caso superado a proba de galego, constituíndo o resto das persoas aspirantes aprobadas e superada a proba de galego listaxe de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando aos integrantes da lista de reserva dereito algúen en relación a outros procesos de contratación

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que non teñan sido propostos para a selección e nomeamento, de tal xeito que cando se produzcan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumplen cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento ou firma do contrato laboral procederese a propoñer ao aspirante que quedase en seguinte lugar.

Base 11. Presentación de documentos polo aspirante proposto



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

As persoas aspirantes propostas, achegarán no prazo máximo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>), os documentos seguintes:

- 1º** Comunicación do número de afiliación á seguridade social.
- 2º** Acreditación de número de conta bancaria expedido pola entidade bancaria.
- 3º** Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 4º** Declaración xurada de non atoparse incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- 5º** Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Boqueixón en modelo facilitado polo concello.

Previamente á contratación dos 3 aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 1) do convenio de colaboración asinado coa Concellería do Medio Rural, o concello de Boqueixón citará aos aspirantes seleccionados para someterase a recoñecemento médico e unha proba de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, polos servizos do Concello.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

Os aspirantes propostos para a contratación teñen que cumplir estes requisitos favorablemente.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico e as probas físicas de esforzo, esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Base 12. Nomeamento e toma de posesión

O Alcalde-Presidente procederá á contratación da persoa candidata proposta polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación e o resultado do recoñecemento médico e a proba física de esforzo sexa favorable.

Unha vez presentada toda a documentación e sendo o resultado do recoñecemento médico e a proba física de esforzo sexa favorable, ao interesado seralle notificado que esta cumpre con todos os requisitos, debendo no prazo que lle indique o Concello de Boqueixón comparecer para a sinatura do contrato e a incorporación o seu posto de traballo.

De non comparecer no prazo indicado polo concello de Boqueixón, sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante e procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante que tivera a mellor puntuación para que aporte a documentación sinalada nestas bases, e formalice o contrato laboral.

Base 13. Recursos

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Sen prexuízo do período de alegacións establecido na base 11, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se podrá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Base 15. Normativa de aplicación

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

Base 16. Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no procedemento selectivo sobre o tratamento dos seus datos persoais

1 RESPONSABLE DE TRATAMIENTO

O responsable dos tratamento dos seu datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección Forte s/n 15881, Boqueixón (A Coruña); correo@boqueixon.es

2 DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es

3 FINALIDADE



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O acceso á condición de persoal funcionario interino do CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4 LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5 DESTINATARIOS DE CESIÓN

CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, únicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6 DEREITOS

Informámossalos dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DE BOQUEIXON dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXON Forte s/n, 15881, Boqueixón (A Coruña); correo@boqueixon.es

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumplimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELLIDOS: _____

DNI: _____

DATA E LUGAR: _____

SINATURA: _____